



ID MEC: 2502236

Nº EXPEDIENTE: 2968/2009

INFORME DE AVALIACIÓN DO PLAN DE VIABILIDADE

DENOMINACIÓN DO TÍTULO		GRADUADO OU GRADUADA EN ENXEÑARÍA DE PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIAIS
MENCIONS/ESPECIALIDADES		
UNIVERSIDADE RESPONSABLE		UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
CENTRO RESPONSABLE		FACULTADE DE CIENCIAS CAMPUS DE LUGO
CENTRO/S ONDE SE IMPARTE O TÍTULO		FACULTADE DE CIENCIAS CAMPUS DE LUGO
TÍTULO INTERUNIVERSITARIO	UNIVERSIDADE COORDINADORA	
	UNIVERSIDADE/S PARTICIPANTE/S	
RAMA DE COÑECEMENTO		ENXEÑARÍA E ARQUITECTURA
NÚMERO TOTAL DE CRÉDITOS		240
PROFESIÓN REGULADA		SI
MODALIDADE DE IMPARTICIÓ		PRESENCIAL
ACREDITACIÓN EX ANTE (VERIFICACIÓN)		30/09/2010
CURSO DE IMPLANTACIÓN		2010/2011
RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN		

De acordo co establecido no artigo 12.3. da Orde do 20 de marzo de 2012 pola que se desenvolve o decreto 222/2011, con data 4 de maio de 2015, a Secretaría Xeral de Universidades remitiu á ACSUG a documentación correspondente aos títulos que deben someterse aos plans de viabilidade, de acordo co establecido no artigo 14.1. do Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Conforme ao establecido no artigo 14.2. do dito Decreto, a ACSUG procedeu á avaliación do Plan de Viabilidade do título de **Graduado ou Graduada en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais** pola **Universidade de Santiago de Compostela**.

A avaliación realizouse pola Comisión de Avaliación de Plans de Viabilidade formada por expertos do ámbito académico e profesionais. Os membros desta comisión foron nomeados pola CGIACA o día 19 de marzo de 2015.

Este informe é o resultado da avaliación da documentación remitida pola Secretaría Xeral de Universidades, de acordo cos criterios facilitados a tal efecto.

A Comisión de Avaliación, de forma colexiada e deixando constancia de que o informe de avaliación resultante non está valorando a calidade e continuidade do título senón o plan de viabilidade presentado, emite un informe de avaliación en termos de:

- Favorable
 Desfavorable

1.- PUNTOS FORTES:

- Compartir 90 ECTS cos Graos de Enxeñaría Civil e Enxeñaría en Xeomática e Topografía permitirá mellorar o número de estudantes de novo ingreso e optimizar e aproveitar mellor os recursos materiais e humanos.
- O mercado laboral do colectivo de egresados do Grao está en crecemento.
- Tendencia ascendente, nos últimos tres cursos académicos, no número de matrícula de novo ingreso.

- O aproveitamento da formación común dos estudantes ofertando os dobres Graos en "Enxeñaría Civil e Enxeñaría en Xeomática e Topografía" e "Enxeñaría Civil e Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais".
- As accións do plan estratéxico CAMPUS TERRA que contribúen ao desenvolvemento dunha oferta académica axeitada, artillada nun currículo transversal nos ámbitos de especialización do dito Campus e orientada á demanda exterior.

2.- ÁREAS PARA A MELLORA:

- Potenciar a singularidade deste título respecto do resto da oferta no Sistema Universitario de Galicia (SUG). Para iso debería buscarse unha especialización do mesmo nalgúns dos ámbitos propios da titulación facendo uso da oferta de optativas.
- Desenvolver unha vinculación directa co tecido empresarial: contactos coas empresas do sector, prácticas,...
- Fomentar a proxección externa da titulación e mellorar a participación en redes nacionais e internacionais de calidade, o que proporcionaría ao Centro unha imaxe de calidade e internacionalización que podería atraer novos estudantes máis aló do nicho de estudantes do entorno próximo.

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2015



José Eduardo López Pereira
Director ACSUG

